



ACTA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA EDUCADOR/A FAMILIAR

En Santiso, o 17 de novembro de 2020, ás 09:00 horas reúnense baixo a presidencia de M^a Teresa Alcalde Valle os seguintes membros que integran o tribunal que se constitúe para realizar a proba teórica aos candidatos admitidos ao referido proceso selectivo.

Presidente: M^a Teresa Alcalde Valle

Secretaria: María Ermitas Sánchez González (con voz e sen voto)

Vogais:

- M^a Teresa Gómez Cea
- M^a José Rodríguez Gómez
- Joaquín Vázquez Rodríguez

A Presidenta declara aberto o acto.

Visto que na cláusula cuarta das Bases que rexen o proceso de selección para a contratación para a selección dun/ha educador/a familiar, como persoal laboral temporal do Concello de Santiso, se indica que se fará unha proba práctica consistente na realización dun suposto práctico determinado polo Tribunal, procédese á elaboración de dita proba e a determinador a forma de avaliación de dito suposto práctico.

“PROBA PRÁCTICA:

María acude ós servizos sociais do Concello de Santiso expoñendo unha situación de tensión familiar que perdura dende fai máis de 2 anos. Está casada e ten dous fillos de 2 e 5 anos respectivamente.

Rematou os estudos de administrativo (ciclo superior) pero nunca tivo oportunidade de traballar como tal. Dende fai aproximadamente 3 anos traballa como repoñedora de almacén nunha tenda de alimentación dunha localidade cercana polo que percibe un salario de 700 €/mes. O seu horario é variable polo que lle resulta moi difícil compaxinar a súa vida familiar e laboral.

Ó seu marido, Antonio, desempregado de longa duración, descríbeo como unha persoa inactiva, pasiva e acomodada nesta situación. Non colabora nas tarefas domésticas considerándoas como un traballo exclusivo das mulleres, polo que este traballo así



como a atención dos seus fillos recae principalmente en María unha vez rematada a súa xornada laboral.

María relata que este comportamento de total desinterés cara ela e os seus fillos acentúase dende fai aproximadamente 1 ano coincidindo co inicio de consumo de alcol de forma importante cando quedaba só na casa. De feito, non se ocupa do seu fillo máis pequeno e o leva todos os días á casa da avoa materna para que o atenda namentres a súa muller está no traballo. O outro fillo de 5 anos cursa terceiro de infantil no centro escolar de Santiso. Non participa en ningunha actividade extraescolar. A titora do neno chama a María para comunicarlle que percibe no seu fillo sentimentos de tristeza e de illamento na relación cos outros nenos/as da aula.

A familia reside nunha vivenda unifamiliar pola que pagan 250 €/mes de aluguer e na que as condicións de habitabilidade non son axeitadas.

Suposto práctico:

Tendo en conta que eres o/a Educador/a Familiar do Concello de Santiso, elabora un proxecto de intervención para esta familia."

CRITERIOS PARA VALORAR O PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Puntuación máxima: 10 ptos.

Nome e apelidos:	Puntuación
Claridade e concreción na redacción do proxecto de intervención: 1 pto.	
Cómo estrutura o proceso metodolóxico: FASE DE INVESTIGACIÓN (fase inicial): 4 ptos. 1. Estudo- Diagnóstico (2 ptos) 2. Programación: Deseño de Intervención / Planificación da acción (2 ptos)	
FASE DE ACCIÓN: 4 ptos. 3. Execución: Aplicación do deseño/Posta en marcha da planificación (2 ptos) 4. Avaliación (2 ptos)	
SEGUIMIENTO: 1 pto.	



Procédese a identificar a todas as candidadas asistentes (un total de 6 asistentes), unha vez todos sentados faise entrega do exame, ás 10:10 da mañá.

Unha vez rematados os 60 minutos e con todas as probas entregadas, a comisión seleccionadora determinada a lectura do exercicio, rematando dita lectura ás 12.15. Posteriormente o tribunal diríxese ás dependencias do concello, onde se dispón á corrección das mesmas, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	PUNTUACIÓN PROBA PRÁCTICA
ÁNGELA RUIZ IGLESIAS	8.5
INÉS JUNQUERA RODRÍGUEZ	5.75
MARÍA CRISTINA SUÁREZ SOUTIÑO	5.50
NURIA VILALTA RIBÉ	7
PATRICIA SOUTO BLANCO	8.5
TAMARA BOUZAS LAMPÓN	5

Á vista das puntuacións obtivas polos candidatos, quedan na seguinte orde de puntuación:

	PROBA TEÓRICA	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
ÁNGELA RUIZ IGLESIAS	9.75	8.5	18.25
INÉS JUNQUERA RODRÍGUEZ	10	5.75	15.75
MARÍA CRISTINA SUÁREZ SOUTIÑO	10.50	5.50	16.00
NURIA VILALTA RIBÉ	10.75	7	17.75
PATRICIA SOUTO BLANCO	14	8.5	22.50
TAMARA BOUZAS LAMPÓN	10.50	5	15.50

Á vista dos resultados, a comisión seleccionadora realiza a proposta de contratación a favor de PATRICIA SOUTO BLANCO, con DNI 7*8*6*2** como Educadora Familiar.

De acordo coa cláusula 5ª das referidas bases de selección "*Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor do seguinte con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa de traballo para a cobertura de posibles vacantes, e que dita bolsa de emprego queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa*".

Para dar cumprimento ó anterior, a **bolsa de emprego** queda na seguinte orde:



1. ÁNGELA RUIZ IGLESIAS
2. NURIA VILALTA RIBÉ
3. MARÍA CRISTINA SUÁREZ SOUTIÑO
4. INÉS JUNQUERA RODRÍGUEZ
5. TAMARA BOUZAS LAMPÓN

Dáse por rematado o acto; a presidenta ordea que se redacte a presente acta, sendo as 13:25 horas, do que dou fe.

Santiso, 17 de novembro de 2020

Presidente

Mª Teresa Alcalde Valle

A Secretaria

María Ermitas Sánchez González

Vogal

Mª Teresa Gómez Cea

Vogal

Mª José Rodríguez Gómez

Vogal

Joaquín Vázquez Rodríguez